

Presentación

Benvidos ao primeiro boletín de novas do proxecto LIFE Insular.

O proxecto desenvolve unha estratexia transnacional integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do Océano Atlántico, emprazados en la rexión Atlántica de Irlanda e España e na rexión Macaronésica española.

O obxectivo xeral desta estratexia e a restauración integrada de hábitats insulares (2130*, 4030) en illas do océano Atlántico promovendo o seu estado de conservación favorable e aumentando a súa resiliencia como principal medida de adaptación aos cambios globais actuais.

LIFE INSULAR elixiu 8 ZEC Natura 2000 españolas e irlandesas situadas en 5 illas diferentes de ambos os Estados membros, onde se aplicarán as mellores prácticas de probada eficacia sobre os hábitats insulares para abordar problemas e ameazas comúns de conservación desde un enfoque transnacional.



lifeinsular

LIFE20 NAT/ES/001007



LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007)

Estratexia integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas
Natura 2000 do Océano Atlántico



Rexión Atlántica irlandesa:

- 1 - Sheephaven SAC
- 2 - Horn Head and Rinclevan SAC
- 3 - Donegal Bay (Murvagh) SAC
- 4 - Raven Point Nature Reserve SAC



Costa atlántica de Galicia



Rexión Atlántica española:

- 5 - ZEC Complexo húmido de Corrubedo
- 6 - ZEC Complexo Ons - O Grove
- 7 - ZEC Illas Cíes

Rexión Macaronésica española:

- 8 - ZEC Archipiélago Chinijo



Illas Canarias

Accións
preparatoriasCoordinación
do proxectoDifusión
do proxecto

life insular

novas do proxecto 2022

Celebradas as reunións de lanzamento de LIFE INSULAR

2022/03/23

Os pasados 25 de febreiro e 22 de marzo de 2022 tiveron lugar as reunións de lanzamento do proxecto LIFE INSULAR entre os socios do proxecto.

A primeira celebrouse na sede do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, entre os socios españois do proxecto (IBADER-USC, DXPN, OAPN, TRAGSA). A segunda, mediante videoconferencia, mantívose entre o coordinador (IBADER-USC) e os socios irlandeses do proxecto (NPWS, COILLTE).



As xornadas permitiron crear o comité de dirección e facer unha planificación conxunta do proxecto de cara a 2022 fundamentalmente relacionada co inicio dos traballos preparatorios

serviron para dar acordo do Grant Agreement e dos convenios bilaterais entre socios, a formación dos equipos de traballo e o establecemento do comité de dirección do proxecto.

As xornadas permitiron, ademais, facer unha planificación conxunta do proxecto de cara a 2022,

fundamentalmente relacionado co inicio dos traballos preparatorios de caracterización dos tipos de hábitat obxectivos e a planificación técnica das accións de conservación.

Socios

Coordinado polo IBADER (Universidade de Santiago de Compostela), o proxecto inclúe cinco socios máis

USC IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

An Roinn Tithíochta,
Rialtais Áitiúil agus Oidhreachta
Department of Housing,
Local Government and Heritage

MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO | ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES

Tragsa
Grupo Tragsa

COILLTE

30 anos do Programa LIFE da Unión Europea

2022/04/20

O 21 de maio de 2022 o programa LIFE, o instrumento de financiamento da UE para o medio ambiente e a acción climática, cumpriu os trinta anos e gostaríanos que formaras parte del! Podes organizar un evento informal, unha reunión con expertos ou unha actividade cultural xunto coa túa comunidade local... As opcións son infinitas! Tómate un momento, inspírate e envía a túa acción.

- *LIFE 30th anniversary*
<https://www.lifeis30.eu>

Para celebrar o 30 aniversario do Programa LIFE, a exposición LIFEis30 mostra poderosas imaxes dalgúns dos proxectos LIFE máis innovadores, inspiradores e eficaces. Esta exposición ten tres áreas de enfoque aliñadas aos distintos subprogramas LIFE: Natureza e biodiversidade, economía circular e calidade de vida, e

acción climática e enerxía. A exposición LIFEis30 mostra o que podemos facer para preservar o noso planeta e garantir un futuro mellor para as xeracións vindeiras.

- *Exposición fotográfica:*
<https://www.lifeis30.eu/photo-exhibition/>

- *LIFE's 30 videos:*
<https://www.lifeis30.eu/videos>



LIFE INSULAR comeza o seu networking en Irlanda con outros proxectos LIFE

Membros de NPWS e Coillte Nature, na súa condición de beneficiarios asociados de LIFE INSULAR, realizaron unha primeira toma de contacto con outros proxectos LIFE de España e Irlanda

2022/04/29

No marco da acción E3 de LIFE INSULAR, entre os días 26 e 28 de abril, membros de NPWS e Coillte Nature, na súa condición de beneficiarios asociados de LIFE INSULAR, realizaron unha primeira toma de contacto con outros proxectos LIFE de España e Irlanda, para a promoción e o intercambio de boas prácticas e experiencias, así como o traballo colaborativo entre os proxectos e

as institución involucradas, promovendo a replicabilidade e transferibilidade dos resultados obtidos.

Deste modo, LIFE INSULAR levou a cabo intercambio con técnicos do proxecto LIFE13 NAT/IE/000144 "LIFE KERRY", enmarcado na xestión fluvial para a conservación de hábitats

naturais, emanando conclusións moi positivas, posto que se identificaron numerosos puntos en común entre os resultados de ambos os dous proxectos, resaltando na necesidade de eliminar as ameazas que penden sobre os hábitats naturais.

A intensificación dos usos agroganaderos e forestais que aconteceu durante o século XX foi o punto de enfoque común con LIFE18 NAT/IE/000090 "LIFE Atlantic Crex", co que se visitaron as accións concretas de conservación. Deste modo, púxose de manifesto a importancia de realizar actuacións que devolvan a naturalidade aos ecosistemas naturais na Rede Natura 2000 e mellorar o estado de conservación dos seus compoñentes clave.

O contacto con LIFE18 IPE/IE/000002 "LIFE IP PAF-WILD ATLANTIC NATURE", proxecto integrado para a conservación de turbeiras de cobertor na Rede Natura 2000 de Irlanda, resultou de grande interese posto que os membros de LIFE INSULAR puideron asistir á visita anual de monitoreo e visitar as localidades de actuación do proxecto, así como intercambiar co resto de socios involucrados no proxecto: Department of Agriculture, Food and Marine (DAFM); Bord na Móna; Teagasc; Fáilte Ireland; Raidió Teilifís Éireann (RTÉ); The Heritage Council; Northern & Western Regional Assembly (NWRA); Coillte Nature. A realización desta visita

revelou a necesidade de realizar estratexias globais de restauración, non actuando soamente sobre os ecosistemas, senón involucrando a todos os axentes implicados, aspecto plenamente coincidente coa estratexia levada a cabo por LIFE INSULAR.

Finalmente, membros de LIFE15 NAT/ES/000790 "LIFE BACCATA" e LIFE16 NAT/ES/000771 "LIFE FLUVIAL" visitaron as localidades de actuación en Irlanda de LIFE INSULAR. En ambos os dous casos, trátase de proxectos cuxa principal estratexia tamén é a eliminación de antigas plantacións forestais (algunhas con especies de carácter invasor) para o incremento da superficie ocupada por hábitats prioritarios. Os aspectos relativos á planificación previa e avaliación ex_ante, así como unha correcta execución dos traballos de conservación para evitar afeccións sobre ecosistemas fráxiles, foron varios dos aspectos comúns entre ambos os dous proxectos.

En definitiva, estas visitas supuxeron un importante paso para LIFE INSULAR no establecemento de novos contactos e redes, incorporando as conclusións de 5 proxectos LIFE executados en España e Irlanda, así como as experiencias de organismos competentes europeos de xestión e conservación de Natura 2000, e os coñecementos de institucións e investigadores europeos relacionados con esta temática.





Primeira visita do IBADER ás localidades irlandesas do proxecto LIFE INSULAR

2022/05/02

A visita serviu para establecer criterios comúns *in_situ* para a planificación das accións concretas de conservación cos socios irlandeses

O IBADER do Campus Terra, na súa calidade de beneficiario coordinador do proxecto LIFE INSULAR, visitou os días 29 e 30 de abril os lugares de actuación irlandeses do mesmo, situados nos condados de Donegal e Wexford. A visita realizouse en compañía de persoal asignado polos socios irlandeses do proxecto: National Parks and Wildlife Service (NPWS) e Coillte Nature.

Este proxecto, de carácter transnacional entre España e Irlanda, presenta como unha das

súas principais estratexias a eliminación de antigas plantacións forestais (algunhas con especies invasoras) para aumentar a superficie ocupada por hábitats prioritarios dentro dos territorios insulares, extremadamente vulnerables aos procesos de cambio global.

Durante a visita realizáronse diversas charlas técnicas sobre o terreo, destacando os aspectos relacionados coa planificación e avaliación previa dos lugares de actuación, así como a necesidade de ter unha correcta execución das accións concretas de conservación para evitar afectacións tendo en conta a fragilidade dos ecosistemas insulares.



Celebrada a primeira reunión de coordinación de LIFE INSULAR

2022/05/23

O pasado 18 de maio de 2022, motivo da súa primeira visita de establecer as prioridades e tivo lugar a primeira reunión de planificación conxunta do proxecto de cara a 2022, así de coordinación do proxecto LIFE como debater sobre todos os INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007). A reunión, celebrada requirimentos técnicos, na sede na sede do Parque administrativos e financeiros de Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia en cara ás xustificacións periódicas Vigo (Galicia), contou coa do proxecto.

presenza do equipo de A reunión permitiu facer unha monitoraxe externo NEEMO, con revisión conxunta do proxecto,



LIFE INSULAR participa na celebración do Día Rede Natura 2000 e do seu 30 aniversario en Europa

2022/05/26



O pasado 26 de maio de 2022, con motivo da celebración do Día da Rede Natura 2000 e do seu 30 aniversario en Europa, organizada pola Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA, Castelo de Santa Cruz, Oleiros), o proxecto LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) foi presentado á audiencia, xunto a outros proxectos como LIFE TREMEDAL (LIFE11 NAT/ES/000707), LIFE BACCATA (LIFE15 NAT/ES/000790),

NAT/ES/000707), LIFE BACCATA (LIFE15 NAT/ES/000790), LIFE FLUVIAL (LIFE16 NAT/ES/000771) e LIFE On Machair (LIFE20 NAT/IE/000263).


A aportación dende LIFE INSULAR, que acaba de comezar, realizouse a través dunha breve presentación dos obxectivos e resultados que o proxecto espera acadar. O evento resultou de gran proveito e interese para toda a audiencia congregada, entre a que se contou con traballadores de administracións públicas, representantes dos colectivos ambientalistas locais, e membros da veciñanza da contorna. A xornada completouse cunha visita ás localidades do proxecto LIFE FLUVIAL nos espazos Natura 2000 da Ría de Betanzos (na marxe esquerda, en terreos do Concello de Bergondo) e do Encoro de Cecebre (en terreos dos concellos de Abegondo e Cambre).



O proxecto LIFE INSULAR realiza a súa primeira publicación sobre os territorios insulares

2022/06/08

Como froito das accións preparatorias do proxecto LIFE INSULAR (LIFE 20 NAT/ES/001007), consistentes na avaliación do estado de conservación dos territorios insulares incluídos dentro do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a revisión da información previa e o estado do arte con respecto a este espazo natural protexido posibilitaron a publicación do traballo “Galician Atlantic Islands National Park: Challenges for the Conservation and Management of a Maritime-Terrestrial Protected Area”, como un dos capítulos do libro “Protected Area Management - Recent Advances”. O traballo avalía os retos pasados e presentes no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, onde a conservación e xestión da biodiversidade evolucionou ao longo do tempo de forma significativa, proporcionando un estudo de caso válido e aplicable a outros parques nacionais de todo o mundo, así como situacións similares noutros contextos e escenarios. No Parque Nacional xorden retos de futuro para mellorar o estado de conservación dos hábitats naturais e da vida silvestre,



principalmente a través de novas iniciativas europeas que poidan establecer importantes sinerxías con outros países.

A Xunta de Galicia formaliza o convenio para a súa participación no proxecto LIFE INSULAR

2022/05/23

O Presidente da Xunta de Galicia avanza que Galicia liderará un proxecto transnacional para mellorar a conservación dos hábitats de Cíes, Ons e Sálvora e facelos resistentes ao cambio climático.

O Presidente salienta que o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago (IBADER) e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para establecer as bases da súa participación na iniciativa Life insular [LIFE20 NAT/ES/001007. Integrated strategy for sustainable management of insular habitats in Natura 2000 islands of the Atlantic Ocean].

O proxecto con un orzamento de máis de 5,2 M€ para executar ao longo de 5 anualidades, integra como socios a Xunta de Galicia, Instituto de Biodiversidade Agraria de Desenvolvemento Rural, Organismo Autónomo de Parques Nacionales (OAPN), Grupo Tragsa, Department of Housing, Local Government and Heritage de Irlanda & COILLTE (Irlanda).

Galicia lidera un proxecto de cooperación transnacional entre España e Irlanda que ten como obxectivo definir e implementar unha estratexia integrada para a xestión sustentable dos hábitats insulares pertencentes á Rede Natura 2000. En concreto, tres das cinco illas que formarán parte desta iniciativa son galegas: Cíes, Ons e Sálvora, todas elas integradas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

A implicación da Comunidade no chamado Life insular foi ratificada hoxe polo Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para establecer as bases da súa participación técnica e económica no proxecto.

“A Xunta quere facer melloras no hábitat de Cíes, Ons, e Sálvora para facelos máis resistentes ao cambio climático e para a restauración da súa paisaxe natural co obxectivo de que se recupere a situación de hai 70 anos” di, incidindo en que desta forma, se minimizará o impacto de posibles perturbacións externas sobre as zonas de actuación e, sobre todo, buscarase unha recuperación drástica da paisaxe natural.

Cun orzamento de máis de 5,2 millóns de euros para executar ao longo de 5 anualidades, a principal achega económica ao proxecto procede da Unión Europea, que cofinanciará as actuacións previstas con 3,95 millóns de euros a través do programa Life, dedicado de forma exclusiva ao ambiente e á acción polo clima.



LIFE INSULAR participa nun evento de networking internacional

LIFE INSULAR achegou a estratexia prevista polo proxecto en materia de eliminación e control de

especies invasoras de flora sobre hábitats naturais na Rede Natura 2000. A achega de LIFE INSULAR ao evento resultou de grande interese, complementando as actuacións sobre especies invasoras de fauna que achegaron o resto de proxectos que participaron.

As principais conclusións da mesa redonda xiraron en torno á necesidade de centrar os esforzos no control e detección temperá das especies invasoras por parte de todos os axentes implicados, a cooperación entre entidades públicas á hora de facilitar as campañas de erradicación, ou a consideración da difusión pública e a sensibilización ambiental como unha poderosa ferramenta para aumentar a concienciación da sociedade acerca dos problemas de conservación da biodiversidade que son causados polas especies invasoras.

O pasado 21 de xuño de 2022, o LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) asistiu ao Symposium Especial Networking INVASAQUA, que tiña lugar no IX Congreso Ibérico de Ictiología (SIBIC) de 2022, celebrado en Porto (Portugal).

Proxectos participantes

LIFE INSULAR
LIFE20 NAT/ES/001007

LIFE ÁGUEDA
LIFE16 ENV/PT/000411

INVASORAS.PT

LIFE MIGRATOEBRE
LIFE13 NAT/ES/000237

LIFE RESQUE ALPYR
LIFE20 NAT/ES/000369

BIOTRANS (INTERREG)

INVALIDIS (INTERREG)

O proxecto LIFE INSULAR recibe a visita anual de monitoreo por parte da Comisión Europea

2022/06/24

Entre o 18 e o 20 de maio de 2022, o proxecto LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007), do cal IBADER é o seu beneficiario coordinador, recibía a visita anual de seguimento por parte de representantes da Comisión Europea, a través do seu equipo de seguimento externo NEEMO. A



visita constou o 18 de maio dunha reunión técnica e administrativa na sede do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, onde se puido facer unha revisión do progreso do proxecto ata a data. Nas dúas xornadas seguintes, realizáronse senllas visitas de campo, o 19 de maio ao arquipélago de Cíes, o 20 de maio ao arquipélago de Ons, territorios insulares que forman parte do Parque Nacional e están incluídos na Rede Natura 2000. LIFE INSULAR é un proxecto transnacional entre España e Irlanda, que traballa a prol da implementación e posta en marcha dunha estratexia integrada de mellora do estado de conservación dos hábitats insulares do Océano Atlántico integrados na Rede Natura 2000, e da súa adaptación fronte

aos efectos derivados do cambio climático, a fin de avanzar na restauración das paisaxes naturais que presentaban estes territorios hai máis de medio século.

Presentado o proxecto LIFE INSULAR en Irlanda na celebración do día mundial das dunas

2022/06/30

Coincidindo co Día Mundial das Dunas, presentouse en Donegal o proxecto LIFE INSULAR, así como unha campaña ligada a este, que se desenvolvera ao longo do verán, na cal se pretende destacar a fragilidade dos sistemas dunares de Donegal, resaltando a súa importancia na protección dos ecosistemas costeiros, e o seu papel como hábitat de especies únicas para a conservación da vida silvestre e na mitigación do cambio climático. O proxecto LIFE INSULAR está cofinanciado pola UE e en Irlanda, a través de COLITE e o Servizo de Parques e Vida Silvestre do Goberno da Irlanda, en colaboración con as comunidades locais dará pasos para protexer e conservar estes ecosistemas na praia de Murvagh, nos parques forestais de Ards e Rinculuevan e en Curracloe.



Members of the LIFE Insular project, which aims to protect Donegal's sand dunes, at Jura Forest Park. Jura along with Murrigh beach and Binnacree are included in the project.

Importance of Donegal's sand dunes highlighted



A equipa de LIFE INSULAR en España está a desenvolver os traballos para a caracterización dos tipos de hábitat insulares e a planificación técnica da restauración

2022/07/29

As equipas de IBADER-USC, DXPN, OAPN e TRAGSA están a desenvolver exhaustivos traballos de gabinete (incluíndo máis de 20 reunións conxuntas) para a determinación do estado de conservación dos tipos de hábitats insulares obxecto do proxecto. Durante a época estival, estas reunións de traballo están a ser complementadas por numerosas visitas de campo ás localidades insulares de actuación (Cíes, Ons, Sálvora, La Graciosa).



O resultado destes traballos posibilitará dispoñer dunha importante información de partida de cara ao desenvolvemento das accións de conservación, establecer un sistema de indicadores comúns de seguimento e un plan de continxencia ante calquera eventualidade que se presente durante o proxecto.



Presentación de LIFE INSULAR en Lugo e sinatura do convenio entre Xunta de Galicia e USC

2022/08/28

A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) colaborarán durante os vindeiros cinco anos no proxecto transnacional LIFE insular para acadar a restauración integrada dos hábitats das illas Cíes, Ons e Sálvora, pertencentes ao Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

O papel de coordinadora recaerá sobre a USC mentres que o Goberno autonómico se encargará da execución técnica da iniciativa, tal e como se recolle no convenio asinado esta mañá no Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) entre a conselleira de Medio Ambiente, Terriorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o reitor compostelán, Antonio López.

O obxectivo do proxecto é promover un estado de conservación favorable dos hábitats dos espazos insulares pertencentes á Rede Natura 2000 no Océano Atlántico, ao tempo que se aumenta a súa resiliencia como medida de adaptación ao cambio climático. A tal fin, porase o foco de atención sobre 8 Zonas de Especial Conservación localizadas en 5 illas que son —ademais das tres galegas— La Graciosa, en Canarias, e Irlanda.

A través desta iniciativa de colaboración transnacional minimizarase o impacto de posibles perturbacións externas sobre as zonas de actuación —risco de vendavais, erosión eólica catastrófica...— e, tal e como explicou a conselleira, buscarase tamén unha recuperación da paisaxe natural destas illas co reto de “reverter” a situación á que había 70 anos atrás.

Para acadar estes obxectivos, o proxecto prevé executar sobre o terreo unha serie de actuacións centradas nos tipos de hábitats 2130* e 4030, correspondentes ás dunas costeiras con vexetación herbácea e aos queirogais secos europeos. Este papel corresponderalle en Galicia á Consellería, que

executará accións de eliminación e control de especies exóticas invasoras; supresión de plantacións forestais; e medidas de protección fronte a actividades humanas que incidan nestes hábitats, como poden ser o control do tránsito de visitantes ou a instalación de captadores pasivos de area.

Así mesmo, o proxecto inclúe unha estratexia de sensibilización e difusión pública mediante xornadas en datas sinaladas, como o Día da Rede Natura 2000 ou o Día europeo dos parques nacionais, así como accións de voluntariado, talleres escolares e colocación de paneis informativos, entre outras. Por último, tamén se prevé un plan de conservación unha vez rematado o LIFE insular —con data de finalización prevista para o 31 de decembro de 2026—, o que permitiría darlle seguimento e continuidade.

Tras a sinatura do convenio de colaboración coa USC, Ángeles Vázquez subliñou a importancia deste proxecto transnacional para Galicia, que ademais lidera a iniciativa ao albergar 3 das 5 illas nas que se centrarán os traballos de restauración e xestión sostible dos hábitats insulares.

Neste sentido, cómpre lembrar que o Parque Nacional das Illas Atlánticas é o único espazo natural galego que concentra 6 das principais figuras de protección medioambiental a nivel internacional, polo que o LIFE insular permitirá protexer a riqueza natural que lle valeu estes recoñecementos e preparalo para afrontar os retos do cambio climático.



O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia realiza a eliminación dunha invasora bulbosa en Sálvora (Galicia, España)

2022/09/26



Durante o mes de setembro de 2022, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, xestionado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, realizou a eliminación de 512 kg de bulbos de *Amaryllis belladonna* na illa de Sálvora, concretamente nos arredores do antigo poboado.

Cabe salientar que *Amaryllis belladonna* é una planta perenne e bulbosa nativa de Sudáfrica, cuxa característica máis salientable é que a súas flores atrompetadas aparecen antes que as follas.

A actuación, de grande importancia, realizouse en colaboración con 80 voluntarios da Fundación Abanca.

A Xunta adxudica o primeiro dos traballos para restaurar os hábitats das illas Cíes, Ons e Sálvora no marco do proxecto LIFE INSULAR

2022/11/07

A Xunta adxudica por case 85.000 € o primeiro dos traballos para restaurar os hábitats das illas cíes, ons e sálvora no marco do proxecto transnacional 'LIFE insular'. A actuación consistirá na retirada de especies exóticas invasoras nos tres arquipélagos e a súa execución estenderase ata decembro do ano que vén. O obxectivo principal da iniciativa, con participación galega, canaria e irlandesa, é implementar unha estratexia de conservación sostible das dunas costeiras e dos queirogais secos presentes en espazos insulares atlánticos pertencentes á Rede Natura 2000 co reto de reverter a situación da súa paisaxe á de fai 70 anos.

A Xunta acaba de adxudicar por un importe de case 85.000 euros o servizo para eliminación de especies exóticas invasoras no Parque Nacional marítimo-terrestre das illas atlánticas de Galicia. Trátase da primeira das actuacións que se impulsan no marco do chamado LIFE Insular, un proxecto transnacional cunha vixencia prevista de 5 anos e que ten como fin acadar a restauración integrada dos hábitats insulares dos arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora.

En concreto, o contrato adxudicado inclúe accións para a mellora da estrutura e funcionalidade de dous tipos de hábitats propios destas illas a través da eliminación e control, mediante métodos manuais, de especies exóticas invasoras de flora. As actuacións que se van levar a cabo están planificadas ao longo do que queda de 2022 e durante todo 2023 e permitirán intervir sobre unha superficie total de 145,6 hectáreas.

Minimizar os efectos do cambio climático

A través da iniciativa LIFE Insular minimizarase o impacto de posibles perturbacións externas sobre as zonas de actuación —risco de vendavais, erosión eólica catastrófica...— e buscarase tamén unha recuperación da paisaxe natural destas illas co reto de “reverter” a situación á que había 70 anos atrás.

Para acadar estes obxectivos, o proxecto prevé executar sobre o terreo unha serie de actuacións centradas nos tipos de hábitats 2130 e 4030, correspondentes ás dunas costeiras con vexetación herbácea e aos queirogais secos europeos (brezales).

Precisamente con este fin, a Consellería acaba de adxudicar o primeiro dos contratos previstos durante os vindeiros anos, destinado neste caso concreto a intervir sobre a flora terrestre exótica invasora presente en Cíes, Ons e Sálvora e que incide no estado de conservación dos hábitats insulares antes mencionados.

Así mesmo, o proxecto inclúe unha estratexia de sensibilización e difusión pública mediante xornadas en datas sinaladas, como o Día da Rede Natura 2000 ou o Día europeo dos parques nacionais, así como accións de voluntariado, talleres escolares e colocación de paneis informativos, entre outras. Por último, tamén se prevé un plan de conservación unha vez rematado o LIFE Insular —con data de finalización prevista para o 31 de decembro de 2026—, o que permitiría darlle seguimento e continuidade.

Comeza a eliminación manual de invasoras no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia polo proxecto LIFE INSULAR

2022/11/17



Trala adxudicación dos traballos, durante o mes de novembro de 2022 comezou a primeira fase de eliminación de invasoras no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia polo proxecto LIFE INSULAR.

A actuación comezou pola eliminación manual de *Carpobrotus* spp. na illa de Sálvora. A súa presenza é de grande preocupación polo seu elevado potencial invasor, a dificultade de acceso ás zonas nas que se atopa presente, e as dimensións que pode chegar a acadar algún dos individuos (máis de 200 Kg), que dificulta aínda máis a súa erradicación e manipulación.

A eliminación de invasoras por LIFE INSULAR rexeita o emprego de herbicidas, xa que se desenvolve en zonas fráxiles da Rede Natura 2000 con ecosistemas insulares altamente vulnerables e de carácter prioritario. A estratexia de LIFE INSULAR é exemplar e altamente replicable, podendo ser imitada noutras áreas de elevada fragilidade, ou noutros territorios con características semellantes.



Celebrada a segunda reunión de coordinación de LIFE INSULAR

2022/11/07

O pasado 25 de novembro de 2022 tivo lugar a segunda reunión de coordinación de LIFE INSULAR entre os socios do proxecto (IBADER-USC, DXPN, OAPN, TRAGSA, NPWS, COILLTE), mediante videochamada.

A reunión permitiu dar conta do progreso das accións preparatorias durante o ano 2022, fundamentalmente aquelas relacionadas coa caracterización das zonas de actuación, e a

implicación e sensibilización das comunidades locais onde o proxecto actuará en Irlanda. Igualmente, realizouse unha planificación conxunta das accións de conservación do proxecto de cara a 2023, fundamentalmente relacionada co inicio dos traballos de recollida de sementes/propágulos, así como da eliminación de especies exóticas invasoras de flora.

LIFE INSULAR preséntase en Vigo durante as xornadas de investigación no Parque Nacional

2022/11/07

O pasado 12 de decembro presentouse en Vigo o proxecto LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007), con motivo das VII Xornadas de Estudo e Investigación do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Estas xornadas pretenden difundir os resultados das accións e proxectos que contribúen á toma de decisións no Parque Nacional, e achegar un

coñecemento máis completo do ecosistema insular.

A presentación amosou aos asistentes a estratexia de LIFE INSULAR para a eliminación de plantacións forestais senescentes, o control e erradicación de especies de flora invasora, e a restauración dos hábitats insulares mediante a utilización de material vexetal de orixe local e

compatible. O público asistente respondeu positivamente ao proxecto, destacando a relevancia das actuacións propostas, e a necesidade de levalas a cabo.



LIFE INSULAR deséxalles un feliz Nadal e ventureiro ano 2023

nadal 2022

O proxecto continuará durante o ano 2023 a traballar a prol da mellora do estado de conservación dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do Océano Atlántico.





www.lifeinsular.eu

USC IBADER
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Instituto de Biodiversidade
Agraria e e Desenvolvemento Rural

 **XUNTA DE GALICIA**

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL



An Roinn Tithíochta,
Rialtais Áitiúil agus Oidhreacht
Department of Housing,
Local Government and Heritage



ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES

